

INSTRUCCIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO

Reunido o día 2 de abril de 2025 o tribunal das probas selectivas para cubrir catro prazas da categoría profesional de técnico/a de grao medio de investigación (animalarios), grupo II, pola quenda de promoción interna, do cadro de persoal laboral da Universidade de Santiago de Compostela (USC), de cara á realización do terceiro exercicio da fase de oposición e sobre a base da descrición da referida proba contida no Anexo I das bases reguladoras da convocatoria —aprobadas por Resolución reitoral do 5 de setembro de 2024, publicada no DOG núm. 178, do 16 de setembro— nestes termos:

«Terceiro exercicio: consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico-práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa, no cal os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 35 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos.

Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobado e publicado os criterios de avaliación e corrección.»

ACORDA:

Primeiro. Aprobamos as seguintes instrucións e criterios de corrección do terceiro exercicio da fase de oposición:

1. O exercicio terá carácter práctico, sendo obrigatorio e eliminatorio.
2. As persoas aspirantes deberán acudir á realización do exame co seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal.
3. O chamamento para a realización da proba comezará ás 11:30 horas do día 9 de abril (mércores) de 2025, tendo en conta a orde de actuación alfabética prevista na Resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública (a partir da letra «H» ou seguintes), para o que deberán presentarse coa debida antelación no lugar xa indicado na convocatoria do exercicio: instalacións do Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA) da USC, situadas na Avenida do Mestre Mateo, núm. 41, da cidade de Santiago de Compostela (Campus Vida).
4. O exercicio consistirá na execución de 5 probas prácticas propostas polo tribunal, distribuídas desta forma:
 - As 3 primeiras probas terán unha puntuación de 9 puntos cada unha delas, sendo necesario superalas individualmente polas persoas aspirantes que deberán obter, cando menos, 5 puntos en cada proba.
 - As 2 últimas probas puntuaranse cada unha delas con 4 puntos.
5. Todo o equipamento e/ou material necesario para a realización completa das probas será facilitado polo tribunal.

Segundo. Publicar o presente acordo no Taboleiro de anuncios da sede electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm?idPublObx=0>) e na páxina web de convocatorias da Subárea de Planificación de PAS (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oepl/listado>).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do tribunal

María Beatriz Magariños Ferro

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA BEATRIZ MAGARIÑOS FERRO, NIF ***5631**, 03/04/2025 10:09:42.

CSV: B02B-ABDA-47E3-BD79